



## Introducción

## Introdución

A Fundación Secretariado Xitano, propúxose a mediados do ano 2004 a realización dunha investigación sobre a situación da comunidade xitana española en relación co emprego. O obxectivo era, non só o de coñecer a realidade desta poboación, senón tamén, e de xeito primordial, o de comparar os resultados que se obtivesen coa situación xeral do conxunto da poboación española. Esa investigación realizouse dacabalo entre os meses finais do devandito ano e os primeiros de 2005.

A formulación e iniciativa da Fundación tiña por aquel entón e aínda hoxe un alto interese, non só polos aspectos propostos para investigación, senón tamén, e sobre todo, pola inexistencia de traballos empíricos recentes sobre a poboación xitana e de ámbito nacional.

Tanto é así que o labor proposto permitiunos coñecer e actualizar a día de hoxe algún dato tan básico como é a estrutura da poboación segundo o sexo e a idade.

Unha vez concluída aquela investigación, propúxose a realización doutra, coas mesmas características que a anterior, só que nesta ocasión se centraría no coñecemento pormenorizado da situación de emprego da comunidade xitana residente no ámbito da comunidade autónoma de Galicia.

E isto é o que se expón nas páxinas seguintes: os resultados obtidos mediante a realización dunha sondaxe específica entre a poboación xitana galega, a través do cal puidemos profundar nas diferentes situacións ocupacionais e de emprego dos/as xitanos/as residentes en Galicia, e desde unha perspectiva comparada co conxunto da poboación desta comunidade.

Do mesmo xeito que fixemos cando presentabamos os resultados do estudo nacional, convén que antes de abordar outras cuestións reflectamos claramente a explicación dalgúns termos que son de común uso, aínda que non sempre entendidos no seu xusto sentido.

Para o sentir común as palabras activo, inactivo, actividade, inactividade ocupación, ocupado, empregado, desocupado, desempregado etc., expresan situacións das persoas ben definidas, que os técnicos das estatísticas laborais, sobre todo, acoutan e precisan cuns criterios específicos non suficientemente divulgados nin, posiblemente, suficientemente compartidos. En efecto as definicións estatísticas oficiais pretenden acoutar os graos de actividade ou inactividade das persoas (paro, ocupación, etc.) e as “condicións” que deben cumprir para incluílas nun ou outro grupo ou concepto.

Como neste informe sobre “*O emprego na poboación xitana de Galicia*” se pretende comparar situacións laborais da poboación xitana coas da poboación total do Estado ou a referida á residente nesta comunidade autónoma, sempre a partir de datos oficiais elaborados con criterios específicos, compartidos ou non, pero oficiais, esa debe ser a orientación e o obxectivo principal destas páxinas.

O antedito obriga a intentar aclarar algunhas cuestións para poder entender mellor o contido deste informe. En primeiro lugar a distinción entre actividade **productiva** e actividade **reprodutiva**.

Na literatura e na linguaxe estatística oficial a segunda (a actividade reprodutiva: tarefas do fogar etc.) é “extra laboral”. Só a actividade laboral produtiva é actividade, e os que ocupan o seu tempo en actividade reprodutiva son considerados inactivos xunto cos dependentes e os que non fan nada.

**Activos, pois, son os activos laborais produtivos, traballadores ou parados, e inactivos, os que están fóra do circuío laboral produtivo**, sexan menores, maiores discapacitados, amas de casa ou voluntarios da acción social, etc. Aínda que recoñezamos a importancia do sector poboacional que constitúe a “cara oculta” da actividade que non conta (amas de casa, tarefas do fogar, coidado dos dependentes da familia, etc.), debemos centrar a nosa atención, dados os obxectivos do noso traballo, nos datos e os criterios estatisticamente oficiais (INE - EPA).

Centrado o tema só no **traballo produtivo**, no “laboral”, farase necesario expor aquí, de modo breve e conciso, pero claro, cales son as definicións actuais das diferentes situacións ocupacionais que emprega o INE (Instituto Nacional de Estatística) na súa EPA (Enquisa de Poboación Activa), porque os seus datos serven como indicadores económicos aceptados pola sociedade, os políticos e os axentes sociais, nunha colectividade, unha provincia, unha rexión, un estado, na U.E. e, en xeral, no mundo occidental. Pero isto abordáremolo un pouco máis adiante ao falar do cuestionario de consulta, no capítulo metodolóxico.

Hai outro aspecto de interese que xa se esbozou e expuxo no informe que se redactou no seu día cos resultados da enquisa nacional, e que o lector deste debería de ter en conta á hora de ler os datos resultantes para Galicia: ¿É aplicable o modelo utilizado na EPA á comunidade xitana?, son os ocupados xitanos asimilables aos ocupados non xitanos? e, xa que logo, ¿as grandes cifras relativas a emprego (taxa de actividade, paro, etc.) que obtemos para a poboación xitana serían realmente comparables coas que nos dá a EPA para o conxunto da poboación española ou galega?

Non estamos propoñendo a discusión de se estamos ou non de acordo cos criterios que utiliza o INE para dicirnos quen e cantos son parados, ocupados ou inactivos; isto sería outro debate diferente, senón se aqueles criterios son realmente válidos para aplicalos a unha poboación tan peculiar, estruturalmente falando, como a xitana.

De todas as maneiras estamos convencidos que os datos que se expón nas páxinas que seguen, non só teñen unha gran validez estatística, senón que pensamos que achegan luz sobre aspectos non coñecidos do todo, polo menos empiricamente, sobre as condicións de emprego e ocupación da poboación xitana; ademais dannos a oportunidade de actualizar, nos comezos deste novo século, claves fundamentais en canto á composición demográfica do colectivo.

Desexamos que a sociedade no seu conxunto coñeza máis e mellor a este colectivo tradicionalmente portador de grandes valores humanos e culturais; e esperamos que este traballo contribúa a iso e que no futuro poidase afondar aínda máis neste e outros aspectos.